

RECOMPILACIÓN NORMATIVA 2012

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR



RECOMPILACIÓN NORMATIVA 2012

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR





1ª Edición, 2013

Edita

Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar

Elaboración e recompilación

Vicesecretaría Xeral, Sección de Publicacións e Estatísticas

Maquetación

Antonio Lameiro Ces

ISSN: 1989-9467

Nota explicativa

Nesta nova edición 2013, as disposicións normativas clasifícanse en 6 grandes epígrafes: consellería, política social, relacións laborais, promoción do emprego, formación e colocación e xuventude e voluntariado.

A edición actual permítenos acceder á normativa ordenada por número *currens* e móstrase conforme os formatos electrónicos adoptados polo Diario Oficial de Galicia (DOG). De cada rexistro danse os seguintes datos:

- Título da disposición
- Número de DOG e data na que se publicou
- Acceso á norma en dous tipos de formato: HTML e PDF

Ademais, aquelas disposicións corrixidas, ampliadas ou modificadas aparecen vinculadas á norma principal, o que facilita a consulta e a manexabilidade da publicación.

Santiago de Compostela, febreiro 2013



Índice

1 CONSELLERÍA

1.1 Estrutura orgánica e funcionamento	7
1.2 Fundacións	8
1.3 Igualdade	9
1.4 Outras normas	9

2 POLÍTICA SOCIAL

2.1 Familia e menores	11
2.2 Inclusión social e cooperación coas corporacións locais	13
2.3 Dependencia	16
2.4 Promoción da autonomía persoal	16



3 RELACIÓNS LABORAIS

3.1 Área de traballo	17
3.2 Área de cooperativas e economía social	18
3.3 Área de seguridade e saúde laboral	20

4 PROMOCIÓN DO EMPREGO

4.1 Medidas de apoio á contratación e á estabilidade laboral	23
4.2 Medidas de apoio a emprendedores e ao traballo autónomo	23
4.3 Medidas de apoio á integración laboral de persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social	26
4.4 Programas de cooperación	27
4.5 Programas mixtos de formación e emprego	29

5 FORMACIÓN E COLOCACIÓN

5.1 Formación para o emprego dirixida prioritariamente para ocupados	31
5.2 Formación para o emprego dirixida prioritariamente para desempregados	32
5.3 Certificados de profesionalidade, cualificacións profesionais e competencias clave	32
5.4 Outras normas	33

6 XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

6.1 Programas e actuacións no ámbito da xuventude	35
6.2 Voluntariado e participación	37

1 Consellería

1.1 Estrutura orgánica

- 1 Decreto 1/2012, do 3 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
(DOG nº 3, do 04.01.2012).

Ver decreto en formato:



- 2 Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
(DOG nº 4, do 05.01.2012).

Ver decreto en formato:



- 3 Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
(DOG nº 14, do 20.01.2012).

Ver decreto en formato:



- 4 Decreto 89/2012, do 8 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Consello Galego de Relacións Laborais.
(DOG nº 54, do 16.03.2012).

Ver decreto en formato:



- 5 Decreto 109/2012, do 22 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.
(DOG nº 73, do 17.04.2012).

Ver decreto en formato:



- 6 Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
(DOG nº 230, do 03.12.2012).

Ver decreto en formato:





- 7 Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

(DOG nº 233, do 07.12.2012).

Ver decreto en formato:



- 8 Orde do 31 de marzo de 2012 pola que se modifica a Orde do 19 de agosto de 2009 sobre delegación de competencias nos órganos superiores e nos/as xefes/as das xefaturas territoriais desta consellería.

(DOG nº 64, do 02.04.2012).

Ver orde en formato:



- 9 Orde do 14 de setembro de 2012 pola que se modifica a Orde do 19 de agosto de 2009 sobre delegación de competencias nos órganos superiores e nos/as xefes/as das xefaturas territoriais desta consellería.

(DOG nº 181, do 21.09.2012).

Ver orde en formato:



- 10 Orde do 12 de decembro de 2012 pola que se establece a adscrición provisional e atribución de competencias nos órganos da Consellería de Traballo e Benestar.

(DOG nº 238, do 14.12.2012).

Ver orde en formato:



1.2 Fundacións

- 11 Resolución do 29 de decembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se declara de interese galego a Fundación Trébol de Iniciativa Social e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

(DOG nº 16, do 24.01.2012).

Ver resolución en formato:



- 12 Resolución do 5 de marzo de 2012, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se declara de interese galego a Fundación Comedor San Froilán e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

(DOG nº 56, do 21.03.2012).

Ver resolución en formato:



- 13 Resolución do 26 de marzo de 2012 pola que se declara de interese galego a Fundación Formavigo e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.**
(DOG nº 70, do 12.04.2012).

Ver resolución en formato:



1.3 Igualdade

- 14 Resolución do 4 de maio de 2012 pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo (Diario Oficial de Galicia número 102, do 27 de maio de 2011).**
(DOG nº 92, do 15.05.2011).

Ver resolución en formato:



1.4 Outras normas

- 15 Orde do 25 de maio de 2012 pola que se acorda a cesión do uso de mobiliario propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia ao Concello de Cangas.**
(DOG nº 105, do 04.06.2012).

Ver orde en formato:



- 16 Orde do 2 de xullo de 2012 pola que se acorda a cesión en propiedade dun vehículo, propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia, ao Concello do Pereiro de Aguiar.**
(DOG nº 133, do 12.07.2012).

Ver orde en formato:



- 17 Corrección de erros. Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.**
(DOG nº 23, do 02.02.2012).

Ver corrección de erros en formato:



- 18 Resolución do 16 de xaneiro de 2012, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no terceiro cuadrimestre do ano 2011.**
(DOG nº 24, do 03.02.2012).

Ver resolución en formato:





- 19 **Resolución do 15 de maio de 2012, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no primeiro cuadrimestre do ano 2012.** [\(DOG nº 104, do 01.06.2012\).](#)

Ver resolución en formato:



- 20 **Resolución do 20 de setembro de 2012, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo cuadrimestre do ano 2012.** [\(DOG nº 195, do 11.10.2012\).](#)

Ver resolución en formato:



2 Política social

2.1 Familia e menores

- 21 Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería.

(DOG nº 17, do 25.01.2012).

Ver decreto en formato:



- 22 Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre.

(DOG nº 44, do 02.03.2012).

Ver decreto en formato:



- 23 Orde do 24 de febreiro de 2012 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería para o curso 2012/2013.

(DOG nº 42, do 29.02.2012. Resolucións de publicación: DOG nº 110, do 11.06.2012).

Ver orde en formato:



Ver resolución en formato:



Ver resolución en formato:



Ver resolución en formato:



Ver resolución en formato:



- 24 Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2012.

(DOG nº 32, do 15.02.2012. Corrección de erros: DOG nº 39, do 24.02.2012).

Ver orde en formato:



Ver corrección de erros en formato:





- 25 Orde do 2 de marzo de 2012 pola que se regula o procedemento de adxudicación de estadias nas residencias de tempo libre adscritas a esta consellería para o ano 2012.

(DOG nº 48, do 08.03.2012).

Ver orde en formato:



- 26 Orde do 21 de marzo de 2012 pola que se establece o modelo oficial de contrato de intermediación en adopción internacional para a Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG nº 73, do 17.04.2012).

Ver orde en formato:



- 27 Orde do 26 de abril de 2012 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas para fillas/os do persoal da Xunta de Galicia nas escolas infantís dependentes desta consellería para o curso 2012/2013.

(DOG nº 82, do 30.04.2012).

Ver orde en formato:



- 28 Orde do 8 de maio de 2012 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 91, do 14.05.2011).

Ver orde en formato:



- 29 Orde do 24 de maio de 2012 pola que se regulan as axudas económicas para atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa Cheque infantil, e se procede á súa convocatoria.

(DOG nº 102, do 30.05.2011).

Ver orde en formato:



- 30 Orde do 9 de xullo de 2012 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas na escola infantil 0-3 San Paio de Vigo para o curso 2012-2013.

(DOG nº 134, do 13.07.2012).

Ver orde en formato:



- 31 Orde do 25 de setembro de 2012 pola que se convocan as actividades que forman parte do Plan de formación permanente para o persoal das escolas infantís 0-3 de Galicia.

(DOG nº 191, do 05.10.2012).

Ver orde en formato:



- 32 Orde do 30 de novembro de 2012 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas de novo ingreso na escola infantil 0-3 As Mariñas, dependente desta consellería, para o curso 2012/13.

(DOG nº 232, do 05.12.2012).

Ver orde en formato:



- 33 Resolución do 2 de xaneiro de 2012 pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 31 de decembro de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

(DOG nº 15, do 23.01.2012).

Ver resolución en formato:



- 34 Resolución do 23 de xaneiro de 2012 pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 30 de decembro de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais.

(DOG nº 24, do 03.02.2012).

Ver resolución en formato:



- 35 Resolución do 8 de agosto de 2012 pola que se encomendan ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar as xestións para a construción de escolas infantís 0-3 nos concellos de Boiro, Burela, O Carballiño, Fene, A Laracha, Malpica, Marín, Moaña, Oza-Cesuras, Porto do Son, Redondela, Ribadeo, Verín, Tomiño e Vilagarcía de Arousa.

(DOG nº 175, do 13.09.2012).

Ver resolución en formato:



- 36 ANUNCIO do 8 de febreiro de 2012 polo que se fai pública a Resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se anuncia o prazo de reserva de praza, preinscrición de novo ingreso e matrícula das escolas infantís.

(DOG nº 42, do 29.02.2012).

Ver resolución en formato:



2.2 Inclusión social e cooperación coas corporacións locais

- 37 Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación.

(DOG nº 3, do 04.01.2012).

Ver decreto en formato:





- 38 Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

(DOG nº 63, do 30.03.2012. Corrección de erros: DOG nº 78, do 24.04.2012).

Ver decreto en formato:



Ver corrección de erros en formato:



- 39 Decreto 264/2012, do 27 de decembro, polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario a favor de pensionistas de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, de persoas perceptoras de pensións do Fondo de Asistencia Social e de persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

(DOG nº 247, do 28.12.2012).

Ver decreto en formato:



- 40 Orde do 4 de xaneiro de 2012 pola que se modifica a Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011.

(DOG nº 9, do 13.01.2012).

Ver orde en formato:



- 41 Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013.

(DOG nº 15, do 23.01.2012).

Ver orde en formato:



- 42 Orde do 25 de abril de 2012 pola que se amplía o prazo para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais no exercicio 2012.

(DOG nº 81, do 27.04.2012. Corrección de erros: DOG nº 82, do 30.04.2012).

Ver orde en formato:



Ver corrección de erros en formato:



- 43 Orde do 13 de abril de 2012 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para o mantemento e a promoción de actividades e proxectos na área de servizos sociais comunitarios e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.

(DOG nº 83, do 02.05.2011).

Ver orde en formato:



- 44 Orde do 16 de maio de 2012 pola que se amplía o prazo para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais no exercicio 2012.

(DOG nº 94, do 18.05.2011).

Ver orde en formato:



- 45 Orde do 23 de maio de 2012 pola que se modifica a do 30 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013.

(DOG nº 103, do 31.05.2012).

Ver orde en formato:



- 46 Orde do 25 de xuño de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrència competitiva de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de programas de desenvolvemento xitano polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2012, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013.

(DOG nº 126, do 03.07.2012).

Ver orde en formato:



- 47 Resolución do 25 de outubro de 2012 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 30 de decembro de 2011, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.

(DOG nº 213, do 08.11.2012).

Ver resolución en formato:



- 48 Resolución do 23 de novembro de 2012 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 13 de abril de 2012 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para o mantemento e a promoción de actividades e proxectos na área de servizos sociais comunitarios.

(DOG nº 235, do 11.12.2012).

Ver resolución en formato:



- 49 Corrección de erros. Resolución do 12 de decembro de 2011 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011.

(DOG nº 6, do 10.01.2012).

Ver corrección de erros en formato:





2.3 Dependencia

- 50 Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

(DOG nº 9, do 13.01.2012. Corrección de erros: DOG nº42, do 29.02.2012 e DOG nº67, do 09.04.2012).

Ver orde en formato:



Ver corrección de erros en formato:



Ver corrección de erros en formato:



- 51 Orde do 9 de agosto de 2012 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

(DOG nº 157, do 20.08.2012).

Ver orde en formato:



- 52 Orde do 12 de setembro de 2012 pola que se aproba a Carta de servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

(DOG nº 178, do 18.09.2012).

Ver orde en formato:



2.4 Promoción da autonomía persoal

- 53 Orde do 13 de xullo de 2012 pola que se aproba a Guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou adultas con discapacidade e se aproba a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG nº 141, do 24.07.2012).

Ver orde en formato:



3 Relacións laborais

3.1 Área de traballo

- 54 Decreto 169/2012, do 1 de agosto, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2013.

(DOG nº 153, do 10.08.2012).

Ver decreto en formato:



- 55 Orde do 9 de abril de 2012 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2012.

(DOG nº 76, do 20.04.2012).

Ver orde en formato:



- 56 Orde do 11 de maio de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a pemes en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2012.

(DOG nº 103, do 31.05.2011).

Ver orde en formato:



- 57 Orde do 23 de agosto de 2012 pola que se modifica a Orde do 9 de abril de 2012, pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2012.

(DOG nº 166, do 31.08.2012).

Ver orde en formato:



- 58 Orde do 13 de setembro de 2012 pola que se regula o exercicio de dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea nas eleccións ao Parlamento de Galicia convocadas para o día 21 de outubro de 2012 polo Decreto 174/2012, do 27 de agosto.

(DOG nº 179, do 19.09.2012).

Ver orde en formato:





- 59 Resolución do 27 de setembro de 2012 pola que se publica o crédito, para o exercicio 2012, das axudas recollidas na Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se ditan, con carácter permanente, normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, da Xunta de Galicia, e na Orde do 5 de outubro de 1994, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, pola que se regula a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

(DOG nº 192, do 08.10.2012).

Ver resolución en formato:



- 60 Resolución do 12 de novembro de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2013, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

(DOG nº 224, do 23.11.2012. Corrección de erros: DOG nº 244, do 24.12.2012).

Ver resolución en formato:



Ver corrección de erros en formato:



3.2 Área de cooperativas e economía social

- 61 LEI 14/2011, do 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

(DOG nº 2, do 03.01.2012).

Ver lei en formato:



- 62 Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento.

(DOG nº 226, do 27.11.2012 e corrección de erros no DOG nº 227, do 28.11.2012).

Ver decreto en formato:



Ver corrección de erros en formato:



- 63 Orde do 4 de abril de 2012 pola que se procede á convocatoria dos premios á cooperación para o ano 2012.

(DOG nº 72, do 16.04.2012).

Ver orde en formato:



- 64 Orde do 4 de abril de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado e ao profesorado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.**
(DOG nº 72, do 16.04.2012. Resolución de concesión: DOG nº 197, do 16.10.2012).

Ver orde en formato:



Ver resolución en formato:



- 65 Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.**
(DOG nº 12, do 18.01.2012. Resolución de concesión: DOG nº 230, do 03.12.2012).

Ver orde en formato:



Ver resolución en formato:



- 66 Orde do 31 de decembro de 2011 pola que se procede á convocatoria de axudas dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo para o ano 2012.**
(DOG nº 13, do 19.01.2012. Ordes de modificación: DOG nº 165, do 30.08.2012, DOG nº 184, do 26.09.2012 e DOG nº 208, do 31.10.2012. Resolución de concesión: DOG nº 228, do 29.11.2012).

Ver orde en formato:



Ver orde en formato:



Ver orde en formato:



Ver orde en formato:



Ver resolución en formato:



- 67 Orde do 31 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2012.**
(DOG nº 15, do 23.01.2012 e resolución de concesión no DOG nº 230, do 03.12.2012).

Ver orde en formato:



Ver resolución en formato:





- 68 Resolución do 16 de marzo de 2012 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 28 de abril de 2011, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para fomentar a responsabilidade social empresarial (RSE) nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2011.

(DOG nº 66, do 04.04.2012).

Ver resolución en formato:



3.3 Área de seguridade e saúde laboral

- 69 Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2012.

(DOG nº 11, do 17.01.2012. Resolución de concesión: DOG nº 140, do 23.07.2012. Corrección de erros da resolución: DOG nº 167, do 03.09.2012).

Ver orde en formato:



Ver resolución en formato:



Ver resolución en formato:



- 70 Orde do 24 de febreiro de 2012 pola que se establecen os prezos privados pola realización de determinacións analíticas no laboratorio de hixiene analítica do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga).

(DOG nº 51, do 13.03.2012).

Ver orde en formato:



- 71 Orde do 19 de outubro de 2012 pola que se modifica a Orde do 14 de outubro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes no organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.**
(DOG nº 207, do 30.10.2012).

Ver orde en formato:



- 72 Resolución do 11 de xaneiro de 2012, do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no terceiro cuadrimestre do ano 2011.**
(DOG nº 18, do 26.01.2012).

Ver resolución en formato:



- 73 Resolución do 4 de maio de 2012 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuadrimestre do ano 2012.**
(DOG nº 91, do 14.05.2011).

Ver resolución en formato:



- 74 Resolución do 7 de setembro de 2012 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no segundo cuadrimestre do ano 2012.**
(DOG nº 180, do 20.09.2012).

Ver resolución en formato:



- 75 Corrección de erros. Resolución do 27 de outubro de 2011, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2012, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.**
(DOG nº 15, do 23.01.2012).

Ver corrección de erros en formato:





4 Promoción do emprego

4.1 Medidas de apoio á contratación e á estabilidade laboral

- 76 Orde do 6 de agosto de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012. (DOG nº 155, do 14.08.2012).

Ver orde en formato:



4.2 Medidas de apoio a emprendedores e ao traballo autónomo

- 77 Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012. (DOG nº 14, do 20.01.2012. Orde de modificación: DOG nº 153, do 10.08.2012. Orde de ampliación da dotación orzamentaria: DOG nº 242, do 20.12.2012).

Ver orde en formato:



Ver orde de modificación en formato:



Ver orde de ampliación en formato:



